




ACTA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/HA EDUCADOR/A FAMILIAR




En Santiso, o 4 de xullo de 2018, ás 09:40 horas reúnense baixo a presidencia de M^a Teresa Alcalde Valle os seguintes membros que integran o tribunal que se constitúe para realizar a proba teórica aos candidatos admitidos ao referido proceso selectivo.


Presidente: M^a Teresa Alcalde Valle

Secretaria: Eva Mariño Vázquez (con voz e sen voto)


Vogais:

- 
- María Ermitas Sánchez González
 - Guadalupe Vázquez Ascariz

A Presidenta declara aberto o acto.



Visto que na cláusula cuarta das Bases que rexen o proceso de selección para a contratación para a selección dun/ha educador/a familiar, como persoal laboral temporal do Concello de Santiso, se indica que se realizará unha proba teórica consistente nun cuestionario de 30 preguntas sobre os contidos do temario relacionado no Anexo II das bases, procédese á elaboración de dita proba.



Para elo, cada un dos membros do tribunal trae unha proposta de preguntas realizadas e por consenso entre todos os membros elíxense 30 preguntas que formarán parte do exame e 6 que serán as de reserva.

Ás 11:30 da mañá, remata a elección e elaboración do exame. E así, procédese a efectuar as fotocopias suficientes dos catro folios que conteñen as 30 preguntas elaboradas, incluíndo tamén seis preguntas de reserva e unha folla coa plantilla, na que deberán anotar as respostas.

Ás 10:20 horas da mañá chega Joaquín Vázquez Rodríguez, técnico de normalización lingüística do Concello de Melide, para realizar a proba de galego ó candidato que non acreditou estar en posesión do Celga 4, dito candidato fora citado na Casa Consistorial do Concello de Santiso ás 10:30 horas. Non se presenta.

Ás 11:45 os membros do tribunal diríxense ó pavillón de Ponte Arcediago, donde estaban citados os aspirantes. Procédese a identificar a todos os/as candidatos/as asistentes (un total de 24 asistentes), unha vez todos sentados faise entrega do examen; facéndolles saber a secretaria da Comisión Seleccionadora:



- Que deberían marcar, sobre a plantilla facilitada, cal era en cada caso a resposta correcta.

- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.

- Que o tempo máximo para responder ás 30 preguntas elaboradas, sería de 60 minutos, desde as 12.10 horas ata as 13.10 horas.

Anúlase a pregunta número 7 por un fallo na transcripción, poñendo dito feito en coñecemento de todos os aspirantes.

Unha vez rematados os 60 minutos e con todas as probas entregadas, a comisión seleccionadora diríxese ás dependencias do concello, donde se dispón á corrección das mesmas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respostas correctas:

"1.- Segundo o art.6.2 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:

a) A Xunta de Galicia someterá as súas actuacións en materia de familia aos principios reitores de liberdade, igualdade e responsabilidade pública.

b) A Xunta de Galicia someterá as súas actuacións en materia de familia aos principios reitores de liberdade, igualdade, fraternidade e responsabilidade pública.

c) A Xunta de Galicia someterá as súas actuacións en materia de familia aos principios reitores de liberdade e responsabilidade pública.

d) Todas son incorrectas

2.-Segundo a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, os grupos de familias de especial consideración son:

a) As familias numerosas.

b) As familias en risco de exclusión social.

c) As familias con persoas drogodependentes.

d) Todas as respostas son correctas.

3.-Segundo a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, o apoio familiar abordará os problemas que puideran xurdir na familia e por extensión nos membros que a compoñen, prestando especial atención ao interese superior e a vulnerabilidade das e dos menores, e atendendo especialmente a:

a) Ás crises económicas e ao ciclo vital da familia.



- b) *As situacións de mellora da familia*
- c) *Á viabilidade adaptativa do grupo familiar: apoio, protección e desenvolvemento.*
- d) *Todas as respostas son correctas.*

4.-De acordo coa Lei 3/2011 de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia:

- a) *A actuación ante unha situación de risco corresponde as entidades locais e a declaración de situación de desamparo corresponde ao Xulgado de referencia.*
- b) *A actuación ante unha situación de risco corresponde as entidades locais e a situación de desamparo corresponde a xefatura territorial da consellería de xustiza.*
- c) *A actuación ante unha situación de risco corresponde as entidades locais e a situación de desamparo corresponde á Xunta de Galicia.*
- d) *A actuación ante unha situación de risco corresponde á Dirección Xeral de Familia e a situación de desamparo corresponde ao Xulgado de referencia.*

5.-O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, estrutúrase en 5 capítulos, que conteñen:

- a) *No capítulo I defínense os principais conceptos tratados no regulamento e determínase o seu ámbito de aplicación.*
- b) *No capítulo II detállase o procedemento de obtención das autorizacións preceptivas, unificando a súa tramitación tanto para entidades prestadoras de servizos sociais de carácter público como para as privadas.*
- c) *No capítulo III afóndase na regulamentación do sistema de acreditación dos servizos sociais, desenvolvendo os seus criterios básicos.*
- d) *Todas as respostas son correctas.*

6.-De acordo coa Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, terán a consideración de servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxicas as seguintes:

- a) *A protección social das persoas con capacidade de obrar limitada, que se atopen en situación de conflito ou de desamparo.*
- b) *A atención residencial, que comporta aloxamento, continuado ou temporal, substitutivo do fogar.*
- c) *A atención diúrna, que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial.*
- d) *Todas as respostas son correctas.*



7. A Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, modificada pola Lei 8/2016, de 8 de xullo, establece que estes serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas:

- a) Xestión directa ou xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público.
- b) Mediante o réxime de concerto social previsto nesta Lei e convenios con entidades sen ánimo de lucro.
- c) Establece só un réxime de xestión directa e ou concerto social e convenios con entidades sen ánimo de lucro.
- d) e b) son correctas.

8.-Segundo o artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia son "Principios xerais dos servizos sociais", entre outros, os seguintes:

- a) Universalidade, Prevención, Responsabilidade pública, Igualdade
- b) Discrecionalidade, globalidade, solidariedade, Equidade e equilibrio territorial...
- c) Centralización, Proximidade, Acción integral e personalizada...
- d) Todas as repostas son correctas

9.- Das funcións que de seguido se relacionan, e no marco do establecido no artigo 11 da Lei 13/2008, indica cal pertence aos Servizos Sociais Básicos:

- a) A identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- b) A atención de persoas maiores ou con limitacións na súa autonomía mediante centros de día e outros servizos de atención diúrna ou nocturna.
- c) A atención de persoas con discapacidade a través de centros ocupacionais, así como o apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá.
- d) A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores de poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais

10.-Os recursos cos que conta a Axencia Galega de Servizos Sociais para o seu financiamento procederán, entre outros, de:

- a) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.



- b) *As aportacións voluntarias, doacións, herencias ou legados e demais aportacións a título gratuito de entidades privadas e particulares.*
- c) *O rendemento procedente dos seus bens e valores.*
- d) *Todas son verdadeiras.*

11.-Segundo a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cal de estas opcións non é entidade prestadora de servizos sociais:

- a) *A administración autonómica.*
- b) *As entidades locais.*
- c) *As Deputacións provinciais.*
- d) *As entidades de iniciativa mercantil.*

12. No marco do establecido no artigo 8 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. o servizo de educación e apoio familiar, de titularidade municipal, perseguirá de maneira prioritaria os seguintes obxectivos.

Sinala o correcto:

- a) *Previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, ou a algún dos seus membros, con especial atención aos menores de idade.*
- b) *A atención a menores de idade en situación de risco ou conflito social, mediante equipamentos e programas orientados a atención psicosocial, intervención socioeducativa, actividades de tempo libre, promoción de hábitos saudables, formación en habilidades sociais ou outros que contribúan á súa integración familiar e comunitaria.*
- c) *A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores de poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.*
- d) *As tres son correctas.*

13.-Segundo a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, para o desenvolvemento da función inspectora, o inspector poderá, no exercicio das súas funcións:

- a) *Acceder libremente, sen previa notificación e en calquera momento, a todos os centros de servizos sociais, sede das entidades ou instalacións de referencia do servizo ou programa.*
- b) *Acceder libremente, con previa notificación e en calquera momento, a todos os centros de servizos sociais, sede das entidades ou instalacións de referencia do servizo ou programa.*



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

- c) *Non poderá entrevistar con carácter privado ás persoas usuarias, familiares e persoal traballador dos centros, servizos ou programas sociais.*
- d) *As respostas b) e c) son correctas.*

14.-*De acordo coa Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, os menores gozan do dereito á liberdade de expresión que en especial se estende :*

- a) *Á publicación e difusión das súas opinións sen restricións.*
- b) *Á edición e produción de medios de difusión.*
- c) *Ao acceso ás axudas que as entidades privadas establezan con tal fin.*
- d) *Todas as resposta son falsas.*

15.-*Segundo a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, dentro das medidas para a defensa e garantía dos seus dereitos o menor pode:*

- a) *Solicitar os recursos materiais dispoñibles das Administracións públicas.*
- b) *Poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal as situacións que considere que atenten contra os seus dereitos co fin de que este promova as acción oportunas.*
- c) *Conservar e facer un bo uso dos recursos e instalacións e equipamentos públicos ou privados, mobiliario urbano e calquera outros nos que desenvolvan a súa actividade.*
- d) *Todas as respostas son correctas.*

16.-*Á resolución de formalización dun acollemento familiar segundo a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, acompañarase un documento anexo que incluírá:*

- a) *A identidade do acolledor ou acolledores e do acollido e a súa familia*
- b) *Os consentimentos e audiencias necesarias.*
- c) *No caso de menores dogrodependentes, os recursos de apoio que precisa*
- d) *Todas as respostas son correctas*

17.-*Os indicadores comportamentais do neno e a conduta do coidador son de utilidade para detectar casos de:*

- a) *Maltrato e/ou abandono psicolóxico.*
- b) *Situacións non severas de maltrato ou abandono físico.*
- c) *Situacións severas de maltrato ou abandono físico.*
- d) *As respostas a) e b) son correctas.*



18.-En relación á protección da infancia e a adolescencia en Galicia, existen diversos recursos e programas a disposición da cidadanía, entre eles están os Programas de apoio e intervención coa familia e os menores, nos que se inclúe:

- a) Liña de axuda á infancia 116111
- b) Programa de familias acolledoras.
- c) Programa de inserción socio-laboral Mentor.
- d) Todas as respostas son falsas.

19.-As habilidades que debe posuír un profesional de servizos sociais no traballo con mulleres que sofren violencia de xénero son:

- a) *Empatía*: capacidade de percibir e comprender o que pensa e experimenta a outra persoa, utilizando sempre afirmacións rotundas.
- b) *Aceptación*: achegarse á outra persoa con respecto e con xuízo previo pola experiencia adquirida de casos similares.
- c) *Congruencia*: trátase de coñecer como lle afecta persoalmente o que escoita a cada profesional. Así evitará atoparse en situación de tensión e desbordado pola situación.
- d) *Concreción*: capacidade de centrar a experiencia evitando xeneralizacións e insistindo para que estructure o relato.

20.-Cal destas respostas non é unha función xeral dos/as profesionais da Educación Familiar?:

- a) *Avaliación inicial das situacións de dificultade a nivel familiar e comunitario.*
- b) *Sensibilización e formación familiar a nivel comunitario.*
- c) *Planificación e execución das accións dirixidas a promover o desenvolvemento integral das familias e a súa participación na sociedade.*
- d) *Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións.*

21.-As fases do proceso de acompañamento socioeducativo son:

- a) *Fase previa de valoración da idoneidade do programa, fase de construción da relación e da demanda e fase de desenvolvemento do proxecto de intervención familiar.*
- b) *Fase previa de valoración da idoneidade do programa, fase inicial de construción da relación e da demanda, fase de definición e desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de peche da intervención e redefinición da relación.*
- c) *Fase previa de valoración da idoneidade do programa, fase inicial de definición e desenvolvemento do proxecto de intervención familiar e fase de intervención e redefinición da relación.*
- d) *Ningunha das respostas anteriores é correcta.*



22.-Si se avalía que existe risco para a integridade física e psicolóxica da muller e/ou dos/as menores, procederase:

- a) Poñendo en marcha recursos de seguridade e protección especial: legais, forzas de seguridade...
- b) Informando á muller en primeiro lugar.
- c) Derivando á atención psicolóxica especializada.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

23.-Sinala cal de estas respostas se corresponde con tipoloxías de maltrato infantil:

- a) Maltrato emocional.
- b) Abuso de autoridade
- c) Neglixencia.
- d) A e C son correctas.

24. Considéranse medidas de protección:

- a) O apoio á familia cando na resolución que o adopte se determine o seu carácter de medida.
- b) A asunción da garda da ou do menor, exercida mediante o acollemento.
- c) As medidas que se adopten con respecto ás menores e aos menores en situación de conflito social
- d) As tres son correctas.

25. Definición de Mediación Familiar:

- a) *Proceso xudicial e voluntario no que intervén un mediador imparcial, aceptado polas partes.*
- b) *Proceso xudicial e voluntario no que intervén un mediador imparcial nomeado pola Secretaría Xeral da Igualdade.*
- c) *Proceso extraxudicial e voluntario no que intervén un mediador imparcial aceptado pola partes.*
- d) *Proceso extraxudicial e voluntario no que intervén un mediador imparcial nomeado pola Secretaría Xeral da Igualdade.*

26. As medidas de medio aberto contempladas no Art. 7 da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xuño, reguladora da responsabilidade penal dos menores, modificada pola Lei Orgánica 8/2006, de 4 de decembro, son as seguintes:

- a) *Tratamento ambulatorio, prestacións en beneficio da comunidade e realización de tarefas socio-educativas.*



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

- b) *Liberdade vixiada, permanencia de fin de semana no domicilio e convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo.*
- c) *Asistencia a un Centro de Día*
- d) *As medidas de medio aberto poden ser todas as anteriores.*

27. *Na intervención educativa integral con menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuación de medio aberto sinala cal das seguintes funcións corresponden ao persoal educador:*

- a) *Apoiar o proceso de orientación e formación laboral das persoas menores fomentando as súas capacidades para inserirse na sociedade e proporcionar alternativas de ocupación do tempo libre a través da participación en actividades de lecer organizadas.*
- b) *Colaborar co resto do persoal de intervención educativa na elaboración do PIEM e dos informes estipulados na lexislación aplicable e detectar posibles patoloxías clínicas ou o consumo de substancias tóxicas e derivar estes casos ao recurso especializado que corresponda.*
- c) *Colaborar no traballo de avaliación e seguimento do/a menor e elaborar programas de intervención psicolóxica individual e familiar.*
- d) *Estudar a información psicolóxica que figure no expediente remitido polo xulgado e completala se fose preciso e detectar posibles patoloxías clínicas ou o consumo de substancias tóxicas e derivar estes casos ao recurso especializado que corresponda.*

28. *-Quén designa aos Mediadores Familiares?*

- a) *De común acordo polas partes.*
- b) *En todos os casos é nomeado pola Secretaría Xeral da Igualdade.*
- c) *De común acordo polas partes e a Secretaría Xeral da Igualdade.*
- d) *O Colexio Profesional*

29. *-Con cantos centros de saúde conta o concello de Santiso?*

- a) *Con un, en Santiso*
- b) *Con un, en Arcediago*
- c) *Con dous, un en Visantoña e outro en Arcediago*
- d) *Con dous, un en Santiso e outro en Arcediago*

30. *-Segundo datos do Instituto Nacional de Estadística cantos habitantes tiña o Concello de Santiso en xaneiro de 2017.*

- a) *Entre 1550 e 1600*



- b) *Entre 1600 e 1650*
- c) *Entre 1650 e 1700*
- d) *Entre 1700 e 1750*

PREGUNTAS DE RESERVA

31.- *Cantas disposicións finais ten a Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor?*

- a) *24*
- b) *25*
- c) *34*
- d) *35*

32.- *Segundo o artigo 31 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia a Xunta de Galicia realizará campañas de sensibilización destinadas a:*

- a) *Facilitar información á sociedade sobre os permisos, licenzas, excedencias e medidas vixentes en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*
- b) *Promover a participación corresponsable entre homes e mulleres na actividade profesional e vida familiar.*
- c) *Concienciar á sociedade sobre os beneficios da conciliación da vida persoal, familiar e laboral en aras do fomento da natalidade*
- d) *Todas son correctas*

33.- *¿En qué normativa se establecen as medidas de protección integral contra a violencia de xénero?*

- a) *Lei 1/2003, de 31 de xuño*
- b) *Lei 27/2003, de 31 de xullo*
- c) *Lei Orgánica 12/2003, de 28 de decembro*
- d) *Lei Orgánica de 1/2004, de 28 de decembro*

34.- *En relación cos Centro de Información á Muller. Sinala a resposta incorrecta:*

- a) *Os CIM carecen de personalidade xurídica e a súa actividade constitúe un servizo prestado polas entidades locais de que dependan.*
- b) *Os CIM teñen personalidade xurídica e a súa actividade constitúe un servizo prestado polas entidades locais de que dependan.*



- c) *A súa configuración poderá adoptar as seguintes modalidades: de titularidade municipal ou titularidade de calquera das entidades locais recoñecidas na lexislación vixente sobre Réximen local.*
- d) *As entidades locais poderán asinar convenios de colaboración para a prestación conxunta do servizo do CIM de acordo coas condicións pactadas entre elas.*

35.- *Na Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia relacionanse as modalidades e prestacións que integran o contido dos servizos previstos no catálogo regulado polo artigo 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Dentro do servizo de educación e apoio familiar contémpnanse as seguintes prestacións:*

- a) *Valoración inicial, información e orientación, mediación e negociación familiar.*
- b) *Información, orientación e asesoramento e Notificación/Derivación.*
- c) *Atención psicosocial: apoio e orientación, formación, orientación, asesoramento e apoio familiar.*
- d) *Orientación, intervención profesional personalizada e acompañamento e seguimento nas distintas etapas do ciclo vital.*

36.- *Elixe a secuencia formada por elementos que compoñen un proceso socioeducativo:*

- a) *Diagnóstico, natureza do proxecto, obxectivos e metas.*
- b) *Beneficiarios, produtos, metodoloxía e cronograma.*
- c) *Especificación operacional das actividades e tarefas a realizar, indicadores de avaliación, bibliografía.*
- d) *Todas as respostas son correctas."*



Respostas correctas

1	A	16	B
2	A	17	D
3	C	18	C
4	C	19	C
5	A	20	D
6	D	21	B
7	ANULADA	22	B
8	A	23	D
9	A	24	D
10	D	25	C
11	C	26	D
12	A	27	A
13	A	28	A
14	B	29	C
15	B	30	B

Preguntas de reserva

1	A	2	B
3	D	4	D
5	D	6	D

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos tres membros integrantes con dereito a voto- outorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

	NP	ACERTOS	FALLOS	BRANCO	PUNTUACIÓN TOTAL
ABILLEIRA ESCUDERO, ANDREA		17	6	7	15.50
ADÁN PENAS IRIA		12	15	3	8.25
ÁLVAREZ FERREIRO, ALBA MARÍA	X				
ANTELO GARCÍA PABLO	X				
APARICIO GRANJA, MARÍA ADELAIDA	X				
ARIAS GARCÍA, OLALLA	X				
BARBA BARREIRO, MARÍA		19	4	7	18
BELLO CASTIÑEIRAS, ANDREA	X				
BUA GONZÁLEZ, MARÍA	X				
CABARCOS BERMÚDEZ, DELIA	X				
CABEZAL VILLAMAR, MARÍA PILAR		17	13	0	13.75
CARNEIRO BELLÓN, MERCEDES	X				
CASAS GARCÍA, ROBERTO		16	10	4	13.5
CASTRO MOSQUERA, SANDRA		16	6	8	14.5
CURROS MATO, ANA ISABEL		13	12	5	10
DOMÍNGUEZ CRISÓSTOMO, RAQUEL	X				
FERNÁNDEZ BLANCO, NURIA	X				
FERNÁNDEZ CONDE, EVA	X				
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, PILAR	X				
FUENTE PARRADO, DAVID	X				
GALEGO CAGIDE, LORENA	X				
GONZÁLEZ BORRAJO, RAQUEL		12	10	8	9.5
GONZÁLEZ RICOY, ANDERE	X				
GONZÁLEZ SEGADE, BEATRIZ		10	16	4	6
GUTIÉRREZ SOTO, LUCÍA	X				
HEINRICH ETCHEVERS, CARMEN ALICIA	X				
HERMIDA VÁZQUEZ, ALBA		9	12	10	6
LAMAS BECEIRO, MÓNICA		18	7	5	16.25
LAYA AGRA, MARÍA DEL MAR	X				
LAYA MIGUÉLEZ, CRISTINA	X				
LEDO GARCÍA, ANA MARÍA	X				
LIETE DOS SANTOS, CLAUDENILSON	X				
LIMES GONZÁLEZ, SONIA	X				
LÓPEZ CARNEIRO, MARÍA MERCEDES	X				

[Handwritten signatures and scribbles in blue ink on the left margin]



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

LÓPEZ GARABATOS, YOLANDA		17	11	2	14.25
LÓPEZ SAAVEDRA, MARÍA ASER	X				
MANTILLA GARCÍA, VANESA	X				
MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, NURIA	X				
MARTÍNEZ GOMILA, SUSANA	X				
MIRANDA BORRAJO, PAULA	X				
MONTERO LÓPEZ, CAROLINA	X				
NUÑEZ ADÁN NOELIA		20	8	2	18
OTERO PEREIRA, CRISTINA		14	12	4	11
OTERO SABARIS, ANA	X				
OTERO VAAMONDE, MARÍA JOSÉ	X				
PAZOS BAÑA, ANDREA		19	11	0	16.25
PENA VIÑAS MARÍA		10	11	9	7.25
PEÓN LÓPEZ, ANA		16	13	1	12.75
PÉREZ RODRÍGUEZ, CLARA	X				
PÉREZ TENREIRO, ANA	X				
PONLLA ENCINAS, IRENE	X				
PRIETO RODRÍGUEZ, CAROLINA	X				
QUINTÁNS ALBAR, VANESA	X				
RODRÍGUEZ DÍAZ, ANA BELÉN	X				
RODRÍGUEZ GARCÍA, ANDREA	X				
ROMERO GÓMEZ, NOELIA	X				
SÁNCHEZ GONZÁLEZ, MARÍA JOSÉ		12	18	0	7.5
SÁNCHEZ RODRÍGUEZ ESTELA	X				
SEIJAS GAREA, PAULA UXÍA		12	12	6	9
SERÉN SAMPEDRO, SILVIA	X				
SOUTO BLANCO, PATRICIA		18	7	5	16.25
SUÁREZ LLANO, MARÍA DEL CARMEN	X				
SUÁREZ RELLÁN, EVA MARÍA	X				
TABOADA DEL CERRO, PATRICIA	X				
TATO SÁNCHEZ, MÓNICA	X				
VARELA IGLESIAS, ISABEL		15	15	0	11.25
VÁZQUEZ BENDAÑA, REBECA		15	10	5	12.50
VÁZQUEZ REGUEIRO, RAQUEL		8	16	6	4
VEIRAS BELLO, JESICA MARÍA	X				
VICTORINO DOMÍNGUEZ, MARÍA INMACULADA	X				
YÁÑEZ ROUCO, BEATRIZ		18	9	3	15.75



Tras considerar oportuno repasar as puntuacions outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, ratificase a puntuación dada.


De acordo coa cláusula 4ª das referidas bases de selección “Realizárase unha proba práctica polos/as aspirantes que igualasen ou superasen a puntuación mínima de 15 puntos establecida para a proba teórica”, que son os seguintes aspirantes:


- ABILLEIRA ESCUDERO, ANDREA
- BARBA BARREIRO, MARÍA
- LAMAS BECEIRO, MÓNICA
- NUÑEZ ADÁN NOELIA
- PAZOS BAÑA, ANDREA
- SOUTO BLANCO, PATRICIA
- YÁÑEZ ROUCO, BEATRIZ


Que foron convocadas por resolución de alcaldía nº 180/2018, para o día 10 de xullo ás 10:00 horas.


Dáse por rematado o acto; a presidenta ordea que se redacte a presente acta, sendo as 14:05 horas, do que dou fe.

Santiso, 4 de xullo de 2018

Presidente

Mª Teresa Alcalde Valle

Vogal

María Ermitas Sánchez González

Vogal

Guadalupe Vázquez Ascariz

A Secretaría

Eva Marino Vázquez